

## PERSOAL COLABORADOR NAS PROBAS CONVOCADAS POLA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A pedimento das universidades públicas de Galicia a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) aceptou realizar nos seus campus, de xeito descentralizado, as probas dos cursos que se publicaron no DOG do 14 de marzo de 2017, solicitando a cambio instalacións e persoal colaborador.

Con esta finalidade, a Universidade de Vigo seleccionará persoal colaborador na realización das probas que terán lugar nos Campus de Ourense e Vigo, de acordo coas seguintes instrucións:

- Primeiro.** Poderá solicitar a súa participación ata o 26 de abril de 2017, o persoal da área de tecnoloxías da información e comunicacións (ATIC) da Universidade de Vigo, en situación de servizo activo tanto no momento de solicitalo como da realización das probas.
- Segundo.** Utilizarase o modelo de solicitude que figura no anexo I relacionando os código dos cursos segundo as datas de realización (anexo II) nas que estaría dispoñible.
- Terceiro.** Terá preferencia por cada campus quen estea dispoñible para a totalidade das datas, utilizando a continuación a orde alfabética a partir da letra K (sorteo publicado no DOG do 30 de xaneiro de 2017).
- Cuarto.** A relación co persoal seleccionado publicarase na páxina electrónica do Servizo de PAS. As renuncias deberán ser comunicadas coa máxima antelación e implicarán o decaemento da solicitude.
- Quinto.** Retribuirase cada día con 75 euros sobre o que se practicará a retención fiscal correspondente. Este importe imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 0000421S162.00 "Cursos de Formación PAS".
- Sexto.** As tarefas do persoal colaborador consistirán no control de acceso, no desenvolvemento das probas de acordo coas indicacións da EGAP e na resolución das incidencias de tipo informático.

Vigo, 30 de marzo de 2017

O xerente,



Manuel Fernández Jauregui

## ANEXO II - CALENDARIO

CÓDIGO	CURSO	DATA	CAMPUS	HORARIO
UN17020	Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.	24/05/2017	Ourense-Vigo	16:30h-17:30h
UN17025	Seguridade dixital nivel de usuario.	24/05/2017	Ourense-Vigo	17:30h-18:30h
UN17026	Xestión de proxectos I+D+I no horizonte 2020	24/05/2017	Ourense-Vigo	19:00h-20:00h
UN17008	Introdución á protección de datos persoais. Regulamento europeo 2016/679 de protección de datos.	21/06/2017	Ourense-Vigo	16:30h-17:30h
UN17009	Seguridade da información no ámbito das universidades públicas.	21/06/2017	Ourense-Vigo	17:30h-18:30h
UN17024	Protocolo universitario.	21/06/2017	Ourense-Vigo	19:00h-20:00h
UN17011	Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.	22/06/2017	Ourense-Vigo	16:30h-17:30h
UN17013	A xurisdición contencioso-administrativa.	22/06/2017	Ourense-Vigo	17:30h-18:30h
UN17019	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.	22/06/2017	Ourense-Vigo	19:00h-20:00h
UN17003	Lingua inglesa. Nivel básico 1 (A1)	30/06/2017 03/07/2017 04/07/2017 05/07/2017	Ourense-Vigo	16:00h-20:00h
UN17004	Lingua inglesa. Nivel básico 2 (A2)	30/06/2017 03/07/2017 04/07/2017 05/07/2017	Ourense-Vigo	16:00h-20:00h
UN17017	Curso básico de Seguridade Social.	09/10/2017	Ourense-Vigo	16:30h-17:30h
UN17018	Incompatibilidades dos empregados públicos de Galicia.	09/10/2017	Ourense-Vigo	16:30h-17:30h
UN17021	Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.	09/10/2017	Ourense-Vigo	17:30h-18:30h

UN17012	A transparencia da administración e os mecanismos de información.	09/10/2017	Ourense-Vigo	17:30h-18:30h
UN17014	Atención á cidadanía.	09/10/2017	Ourense-Vigo	19:00h-20:00h
UN17016	Como deseñar presentacións eficaces.	09/10/2017	Ourense-Vigo	19:00h-20:00h
UN17022	Modalidades contractuais recollidas no Estatuto dos traballadores e na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.	28/11/2017	Ourense-Vigo	16:30h-17:30h
UN17023	Prevención e xestión de conflitos.	28/11/2017	Ourense-Vigo	17:30h-18:30h
UN17015	Certificado dixital.	28/11/2017	Ourense-Vigo	19:00h-20:00h